

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Secr. Xeral (MANUEL JOSE DIAZ SANCHEZ) a las 13:40 del día 06/06/2025 y por Alcaldesa (INES REY GARCÍA) a las 11:19 del día 09/06/2025. Mediante el código de verificación 003D4J1K6614626Y0KPE puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



Concello da Coruña

Área / Unidade ACTIVIDAD CORPORATIVA SG1000 PSL	Documento 12319I008D	Certificación PLO 05.06.2025 Asunto 3
Código de verificación 	Expediente 123/2025/6	
003D 4J1K 6614 626Y 0KPE	Fecha 06-06-2025	

Manuel José Díaz Sánchez, Secretario xeral do Pleno do excelentísimo Concello da Coruña,

Expediente 36E/2025/9

Aprobación do Plan Económico-Financeiro (PEF) 2025-2026 do Concello da Coruña.

CERTIFICO que o Excmo. Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 5 de xuño de 2025 adoptou os seguintes acordos, nos propios termos do ditame da Comisión Informativa e coa motivación *in aliunde* do informe proposta do Servizo, de conformidade co art. 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, co voto a favor dos grupos municipais dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos) e do Bloque Nacionalista Galego (4 votos) e o voto en contra do Grupo municipal do Partido Popular (12 votos):

Primeiro. Aprobar o presente Plan Económico Financeiro e unha vez aprobado polo Pleno, envialo ao órgano de tutela financeira para a súa aprobación definitiva e posteriormente publicalo no BOP a efectos informativos, quedando a disposición das persoas interesadas durante a súa vixencia.

Segundo. Facultar ao concelleiro de Economía e Planificación Estratéxica, tan amplamente como en dereito proceda, para realizar cantos trámites sexan necesarios para executar e cumprir este acordo

Manuel José Díaz Sánchez, Secretario general del Pleno del excelentísimo Ayuntamiento de A Coruña,

Expediente 36E/2025/9

Aprobación del Plan Económico-Financiero (PEF) 2025-2026 del Ayuntamiento de A Coruña.

CERTIFICO que el Excmo. Ayuntamiento Pleno, en sesión ordinaria celebrada el día 5 de junio de 2025, adoptó los siguientes acuerdos, en los propios términos del dictamen de la Comisión Informativa y con la motivación *“in aliunde”* del informe propuesta del Servicio, de conformidad con el art. 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, con el voto a favor de los grupos municipales de los Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos) y del Bloque Nacionalista Galego (4 votos) y el voto en contra del Grupo municipal del Partido Popular (12 votos):

Primero. Aprobar el presente Plan Económico Financiero y una vez aprobado por el Pleno, enviarlo al órgano de tutela financiera para su aprobación definitiva y posteriormente publicarlo en el BOP a efectos informativos, quedando a disposición de las personas interesadas durante su vigencia.

Segundo. Facultar al concejal de Economía y Planificación Estratégica, tan ampliamente como en derecho proceda, para realizar cuantos trámites sean necesarios para ejecutar y cumplir este



Concello da Coruña

plenario.

E para que así conste, expido e asino este certificado, ao abeiro e coa advertencia prevista no artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e a resultas do texto definitivo da acta.

A Coruña, na data da sinatura electrónica.

Vº e Pr
Alcaldesa
Inés Rey García

acuerdo plenario.

Y para que así conste, expido y firmo este certificado, al amparo y con la salvedad prevista en el artículo 206 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales, y a resultas del texto definitivo del acta.

A Coruña, en la fecha de la firma electrónica.

Secretario xeral do Pleno
Manuel José Díaz Sánchez



ANEXO

PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO POR INCUMPRIMENTO DE REGRA DE GASTO NA LIQUIDACION DO EXERCICIO 2024 DO CONCELLO DA CORUÑA

Visto o informe do Interventor Xeral do Concello da Coruña, con data do 28 de marzo de 2025, no que se pon de manifesto que a liquidación do orzamento municipal do exercicio 2024, aprobada mediante Decreto da Alcaldía núm. DEC/AYT/1361/2025, con data do 28 de febreiro de 2025, incumpre o obxectivo de regra de gasto, en aplicación do previsto nos artigos 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, preséntase e propón ao Pleno do Concello da aprobación do seguinte PLAN ECONOMICO-FINANCEIRO (PEF):

ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS

O artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) sinala no seu artigo 21 que no caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a Administración incumpridora formulará un plan económico-financeiro que permita no ano en curso e o seguinte o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto, co contido e alcance previstos neste artigo.

No 21.2 determina o contido mínimo do PEF, que será:

- a) As causas do incumprimento do obxectivo establecido ou, no seu caso, do incumprimento da regra de gasto.
- b) As previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.
- c) A descrición, cuantificación e o calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as partidas orzamentarias ou rexistros extraorzamentarios nos que se contabilizarán.
- d) As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basean estas previsións, en consonancia co contemplado no informe ao que se fai referencia no apartado 5 do artigo 15.
- e) Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.



O Plan Económico-financeiro será presentado, no prazo máximo dun mes desde que se constatase o incumprimento. A súa aprobación é competencia do Pleno da Corporación, quen deberá aprobalo no prazo máximo de dous meses desde a presentación e a súa posta en marcha non poderá exceder de tres meses desde a constatación do incumprimento.

A Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro) , indica no seu artigo 9.2 os seguinte:

“2. Cando se dean as circunstancias previstas na Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril, a Corporación Local aprobará un plan económico-financeiro que, ademais do previsto no artigo 21.2 da mencionada Lei Orgánica, conterà, polo menos, a seguinte información:

- a) As medidas correctoras aprobadas, cuantificadas e fundamentadas, sinalando a data da súa implementación. Estas medidas deberán ser coherentes coa variación interanual das súas previsións orzamentarias respectivas.
- b) A estimación e xustificación dos axustes de contabilidade nacional e a coherencia co límite de gasto non financeiro, calculado na forma que establece a regra do gasto.
- c) A evolución da débeda, o cumprimento do límite de débeda, as magnitudes de aforro bruto e neto, a estimación dos saldos de tesourería, o exceso de financiamento afectado e o remanente de tesourería para gastos xerais.

A Corporación Local, no prazo de cinco días naturais desde a aprobación do plan económico-financeiro pola propia Corporación Local ou polo órgano que exerza a tutela financeira, segundo proceda, remitirao ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a súa aprobación e/ou publicación no seu portal web, segundo corresponda.

A obrigación de remisión desta información á Comisión Nacional de Administración Local entenderase cumprida co envío, dentro dos dous primeiros meses de cada ano, da indicación de que os plans foron publicados a través da central de información económico-financeira das Administracións Públicas do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, o envío dun resumo dos plans recibidos no exercicio inmediato anterior no Ministerio, así como un resumo dos plans dos que se obtivo información, distinguindo: os aprobados polo mencionado Ministerio ou polo órgano competente da Comunidade Autónoma que exerza a tutela financeira das Entidades Locais, os plans desestimados e os que non necesitan aprobación dalgún destes órganos.

Nos dous meses seguintes á finalización de cada semestre do ano, as Comunidades Autónomas que exerzan a tutela financeira das súas Corporacións Locais remitirán ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o resultado do seguimento efectuado dos plans económicos-financeiros.



As Comunidades Autónomas que exercen competencias en materia de tutela financeira, con independencia da publicación trimestral que realicen a través dos seus respectivos portais web, remitirán ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, antes do día quince do primeiro mes seguinte a cada trimestre do ano natural, unha memoria comprensiva da documentación, informes, actos, resolucións e solicitudes presentadas polas Corporacións Locais en cumprimento daquelas competencias de tutela financeira, así como das resolucións adoptadas respecto diso pola Comunidade Autónoma.”

O Plan Económico-financeiro publicarase no Boletín Oficial da Provincia con efectos simplemente informativos e estará ao dispor do público desde a súa aprobación.

1.- CAUSAS, DIAGNÓSTICO E PREVISIÓN TENDENCIAL

CAUSAS DO INCUMPRIMENTO DO OBOXECTIVO DE REGRA DE GASTO

A elaboración deste plan económico-financeiro é consecuencia do incumprimento en – 2.127.434,65 €, do obxectivo de Regra de gasto, segundo o Informe de Estabilidade do Interventor Xeral.

A aprobación e liquidación dos Orzamentos das Entidades Locais deben realizarse baixo o cumprimento das chamadas tres regras fiscais: a estabilidade orzamentaria, a regra do gasto e a débeda pública. O Concello da Coruña só incumpe o obxectivo de Regra de Gasto.

Na análise das causas do incumprimento destacan as seguintes:

- Suspensión das regras fiscais prorrogada ao 2024, que permitiu financiar co Remanente Líquido de Tesourería as incorporacións de crédito e as modificacións orzamentarias durante o exercicio 2024. O Remanente de Tesourería para Gastos Xerais (RLTGX) é un indicador de liquidez da entidade local que coas regras fiscais suspendidas permitiu destinalo en 2024 a un maior gasto.
- Incremento da previsión de ingresos en 2024, en gran parte debido á participación dos tributos do Estado, que supuxo un incremento moi considerable nos ingresos respecto aos de 2023, estes maiores ingresos permitiron incrementar o gasto en 2024. Mais de 17 millóns de € nos tributos procedentes do Estado en 2024 respecto aos de 2023.
- Utilización de RLT para financiar modificacións orzamentarias.

Cando se emprega RLT, para financiar modificacións orzamentarias, a execución deses créditos implica un maior gasto computable.

O artigo 47 do RD 500/1990 establece que os remanentes de crédito que amparen proxectos financiados con fondos finalistas deben incorporarse obrigatoriamente.



Ante esta situación, como sostén Sánchez Rubio, no seu artigo “*Sobre los efectos de la incorporación de remanentes de crédito en la estabilidad presupuestaria*”, no caso de utilización de RLT para financiar a obrigatoria incorporación dos remanentes de crédito xérase unha situación de inestabilidade orzamentaria en termos de contabilidade nacional no momento de executar o crédito e, posiblemente, un incumprimento futuro da regra de gasto.

Millán Santana na súa publicación, “*Los gastos con financiación afectada y la estabilidad presupuestaria*”, alude ao paradoxo que se dá incorporando remanentes, cumprindo coa normativa orzamentaria, pero incumprindo a normativa de estabilidade. O mesmo autor, tampouco cre que se resolva a situación orzando ben. A execución dos proxectos de gasto con financiamento afectado non depende só da entidade local. A parte do ingreso depende do ente que concede a subvención.

Cando se emprega RLTX para financiar unha modificación orzamentaria implica incrementar o capítulo 8 de ingresos e na parte de gastos algún capítulo do 1 ao 7, o que dá lugar a un efecto negativo, en estabilidade e regra de gasto. Só destinando o RLT a amortizar débeda neutralizamos esta situación.

O Concello da Coruña, o IMCE e o Consorcio de Turismo, utilizaron en 2024 RLTX procedente da liquidación de 2023 para financiar modificacións orzamentarias que supuxeron o recoñecemento de obrigacións nos capítulos de 1 a 7 dos seus orzamentos de gastos.

En 2024 estaban suspendidas as regras fiscais, non había investimentos financeiramente sostíbeis nin existía a obrigación de amortizar débeda, o que implica que se incrementase o gasto computable non financeiro.

A magnitude do RLTX e a súa utilización como fonte de financiamento para modificacións orzamentarias, están reguladas e permitidas na normativa reguladora de Facendas Locais. Precisamente por tratarse dunha magnitude que só existe no ámbito local, as especialidades do seu tratamento orzamentario e contable non están recollidas na normativa que regula a Estabilidade, na que os cálculos se fan en termos de contabilidade nacional.

En calquera caso, a utilización do RLTX xerado nun exercicio para o financiamento de gastos do seguinte exercicio, non pode ser considerada como unha característica estrutural, xa que a súa utilización non ten por que suceder todos os anos, e, sobre todo non se producirá na mesma contía. De feito, en 2025 ao estar en vigor as regras fiscais xa existe a obrigación de destinar a menor das seguintes magnitudes, superávit ou RLTX, a reducir a Débeda, polo que ese importe deixará de estar recollido nos capítulos de 1 – 7 de gastos.

No ano 2024, as obrigacións recoñecidas nos capítulos de 1-7 das entidades da Corporación foron as seguintes, segundo os datos dos estados de gastos das súas liquidacións aprobadas:



Concello da Coruña

ENTIDADE	OBRIGACIÓNS RECOÑECIDAS CAPÍTULOS 1 a 7 FINANCIADAS CON RLTGX TOTAIS (A)	OBRIGACIÓNS RECOÑECIDAS POR IFS	OBRIGACIÓNS RECOÑECIDAS CAPÍTULOS 1 a 7 FINANCIADAS CON RLTGX COMPUTADAS COMO GASTO (A-B)
CONCELLO	5.761.828,81	0,00	5.761.828,81
IMCE	497.761,14	0,00	497.761,14
C. MUSICA	0,00	0,00	0,00
C. TURISMO	375.760,00	0,00	375.760,00
		TOTAL	6.635.349,95

De modo que, de non utilizarse o RLTGX como fonte de financiamento de modificacións orzamentarias que derivou no posterior recoñecemento de obrigacións nos capítulos de gasto non financeiro, o gasto total computable do Grupo de Consolidación sería 277.989.025,98€, o que cumpriría co Límite de Gasto non financeiro para 2024 da Corporación, que de acordo co informe de Intervención Xeral ascende a: 282.496.941,28€

GASTO COMPUTABLE GRUPO DE CONSOLIDACIÓN CON OBRIGACIÓNS FINANCIADAS CON RLTGX (A)	OBRIGACIÓNS COMPUTADAS FINANCIADAS CON RTLGG (B)	GASTO COMPUTABLE GRUPO DE CONSOLIDACIÓN SEN UTILIZACIÓN DO RLTGX (A - B)
284.624.375,93	6.635.349,95	277.989.025,98

Quedaría por tanto acreditado que o incumprimento ten causa na utilización do RLTGX de 2023 para financiar obrigacións recoñecidas en 2024, xa que, de non acontecer, a Corporación cumpriría coa regra de gasto.

A participación en tributos do Estado incrementou en 2024 considerablemente os ingresos, só a liquidación positiva correspondente a 2022, recibida de 2024, supuxo máis de 17 millóns de euros que ao estar suspendidas as regras fiscais provocaron que se puidese incrementar o gasto nesa contía, esta é outra das causas que explica en incumprimento de regra de gasto.

Variables económicas en consonancia coa fixación dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública

O Pleno do Congreso dos Deputados debateu o Acordo do Goberno polo que se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto de Administracións Públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2025-2027 e o límite de gasto non financeiro do orzamento do Estado para o ano 2025,



Concello da Coruña

procedendo ao rexeitamento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública propostos polo Goberno.

En todo caso, tómanse como referencia os obxectivos de estabilidade e débeda pública fixados para 2025 e 2026.

CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO

	2025	2026	2027
Entidades Locais	0,0	0,0	0,0

OBXECTIVOS DE DÉBEDA PÚBLICA

	2025	2026
Entidades Locais	0,0	0,0

TAXA DE REFERENCIA NOMINAL ANUAL (% VARIACIÓN ANUAL)

2025	2026
3,2	3,3

As transferencias internas do Concello ás restantes entidades do Grupo de consolidación que se tiveron en conta foron as previstas no orzamento para 2025:

ENTIDADE	ESTIMACIÓN OBRIGACIÓNS RECOÑECIDAS 31-12-2025
IMCE	7.500.000,00
CONSORCIO TURISMO	3.700.000,00
CONSORCIO PROMOCIÓN MÚSICA	4.000.000,00
ESCOLA DE MÚSICA	650.000,00
FUNDACIÓN LUÍS SEOANE	360.000,00
FUNDACIÓN EMALCSA	0,00
FONDO GALEGO COOPERACIÓN E SOLIDARIDADE	20.022,79
TOTAL	16.230.022,79

Para o cálculo da previsión de obrigacións recoñecidas en 2025 financiadas con fondos finalistas procedentes de Administracións públicas, ao tratarse dunha magnitude sometida a bastante pouca certeza, condicionada no relativo a investimentos polo grao de execución, óptase por un criterio de prudencia e inclúense só aquelas subvencións ou transferencias que se veñen obtendo polo Concello con continuidade e que financian gasto non financeiro:



Concello da Coruña

DESCRICIÓN DO GASTO	PREVISIÓN DE ORN FINANCIADA	ADMINISTRACIÓN FINANCIADORA
PLAN CONCERTADO 2025	5.399.454,50	COMUNIDADE AUTÓNOMA
INCLUSION SOCIAL 2025	56.294,64	COMUNIDADE AUTÓNOMA
INCLUSION SOCIAL 2025	84.441,96	FSE
PROGRAMA APOIO CIM 2025	15.000,00	COMUNIDADE AUTÓNOMA
SUBVENCIÓN EIM 2025	784.091,53	COMUNIDADE AUTÓNOMA
CONVENIO UDC TRANSPORTE UNIVERSITARIO	200.000,00	UDC
DIPUTACION (POS SOCIAL, PEL CONCELLOS, CASA ACOLLIDA, TECNICO NORMALIZACION, PRAIAS)	250.000,00	DIPUTACION DÁ a CORUÑA
PROXECTO MERCADOS CORUÑESES	5.967,14	COMUNIDADE AUTÓNOMA
PROXECTO MERCADOS CORUÑESES	13.923,34	FEMPA
PLAN SOSTENIBILIDAD TURISTICA	666.666,66	AXENCIA TURISMO GALICIA
EDIFICIO XUXAN	1.205.129,55	MITMA-NG
PRESTACIÓN SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE 2025	1.483.122,68	ESTADO
GASTO FINANCIADO CON SUBVENCIÓNS XA INGRESADAS ANTES DE 2025	8.311.904,57	VARIAS ADMINISTRACONES
TOTAL	18.475.996,57	

Ademais, inclúese tamén para o axuste por obrigacións financiadas con fondos finalistas, as subvencións seguintes para cada entidade:

ENTIDADE	PREVISIÓN DE AXUSTE POR FONDOS FINALISTAS PREVISTOS PARA 2025
CMUS	1.500.000,00
FLS	28.000,00
CTUR	120.000,00
FGCS	161.890,57
CONCELLO	18.475.996,57
IMCE	350.000,00
FEMLC	30.000,00
TOTAL	20.665.887,14

Respecto a outros indicadores, no Informe do Interventor Xeral de estabilidade orzamentaria no marco do SEC 2010 á liquidación orzamentaria e económica do exercicio 2024, aparecen recollidos os seguintes:



Concello da Coruña

CÁLCULO AFORRO NETO 2024			
Liquidación do Orzamento 2024 do Concello		Gastos	Ingresos
		ORN	DRN
Capítulo	I	79.108.179,56	107.833.640,49
Capítulo	II	132.888.472,39	13.922.980,74
Capítulo	III	0,00	63.795.634,61
Capítulo	IV	55.560.297,28	113.657.183,30
Capítulo	V	0,00	6.075.224,41
TOTAL		267.556.949,23	305.284.663,55
			37.727.714,32
Axustes DF31 Lei de Orzamentos 2013			-7.300.638,43
OR de Gasto corrente financiadas con RLT (Art.53.1)			5.408.682,70
AFORRO BRUTO AXUSTADO			35.835.758,59
CÁLCULO COCIENTES LEGAIS SEGUNDO LIQUIDACIÓN ORZAMENTARIA 2024 E METODOLOXÍA ART. 53 TRLRHL			
Aforro Bruto axustado			35.835.758,59
Anualidade teórica amortización (incluíndo o préstamo de 2025 por 48,8 millóns con un diferencial do 0,5% sobre Euríbor a tres meses)			26.343.927,61
AFORRO NETO			9.491.830,98
Límite 75% DRN Correntes aplicando axustes DF31 LPXE 2013			223.488.018,84
Débeda total viva a 31/12/2024 sen préstamos non dispostos			48.813.408,48
% de Débeda viva sobre DR a 31/12/2024.			16,38
Débeda formalizada e pendente de amortizar e préstamos non dispostos a 31/12/2024 + Préstamo 2025 por 48,8 millóns			149.381.401,93
% de Débeda viva formalizada sobre DR a 31/12/2024.			50,13



Ejercicio Presupuestario	Ahorro neto (en millones €)	Resultado Presupuestario ajustado (en millones €)	RLT para Gastos Generales (en millones €)	% Carga Financiera	Deuda Viva Nominal	% de Deuda sobre recursos corrientes
2013	15,95	16,57	14,62	6,0%	78,21	36,36%
2014	14,21	9,22	7,24	6,2%	74,14	39,57%
2015	24,97	12,39	7,26	6,8%	80,60	34,94%
2016	30,72	27,51	20,18	4,2%	73,00	31,49%
2017	27,02	19,04	23,32	7,9%	63,81	28,28%
2018	22,01	18,59	14,01	10,0%	49,97	18,88%
2019	9,96	21,32	14,58	5,5%	42,05	18,26%
2020	9,19	9,32	6,52	2,9%	40,18	17,48%
2021	4,10	6,47	10,14	2,9%	38,88	16,38%
2022	2,45	8,64	2,30	3,1%	37,89	15,40%
2023	11,22	12,83	6,23	3,3%	37,92	14,16%
2024	9,49	15,80	18,97	3,7%	48,81	16,38 %

Previsións tendenciais de gastos e ingresos

1.1.- Previsións de estabilidade orzamentaria

Estabilidade orzamentaria ano 2025

A Estabilidade Orzamentaria é unha magnitude ou un indicador que o que pretende é que se limite o aumento do endebedamento por encima da cantidade que se amortiza anualmente. Segundo esta definición a estabilidade orzamentaria conséguese cando a suma dos capítulos 1 a 7 do Estado de ingresos é igual ou superior á suma dos capítulos 1 a 7 do Estado de gastos. Neste caso ponse de manifesto unha Capacidade de Financiamento, o cal pode supoñer un decremento do endebedamento da Entidade Local. En caso contrario, se os gastos son maiores aos ingresos, reflicte unha Necesidade de Financiamento, o cal supoñerá un incremento de volume de débeda neta da Corporación.

A necesidade de financiamento que se manifesta en 2025 para a previsión de gastos incluída no orzamento provoca que a necesidade de endebedamento do Concello para o orzamento 2025 sexa maior ao importe que se prevé amortizar no mesmo, este orzamento nace con inestabilidade orzamentaria.

Préstamo que se prevé concertar en 2025: 48.837.151,08 > 10.581.251,00, cantidade que se prevé amortizar en 2025.

Con todo, como os cálculos de estabilidade deben facerse ao 31 de decembro de 2025, estes calcúlanse coas previsións de execución remitidas ao Ministerio de Facenda no primeiro trimestre de 2025 (media de execución dos tres últimos anos por capítulos, 2022 a 2024, correspondente ao Concello). Coas devanditas previsións prevese o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, comparando o gasto non financeiro previsto co ingreso non financeiro previsto a esa data (previsión de dereitos recoñecidos netos e obrigacións recoñecidas netas dos capítulos 1 a 7).

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Secr. Xeral (MANUEL JOSE DIAZ SANCHEZ) a las 11:19 del día 09/06/2025. Mediante el código de verificación 003D4J1K6614626Y0KPE puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



Concello da Coruña

ENTIDADE	INGRESO NON FINANCEIRO PREVISTO	GASTO NON FINANCIRO PREVISTO	AXUSTES PROPIA ENTIDADE	AXUSTES OPERACIÓNS INTERNAS	AXUSTES INEXECUCION	CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO
CMUS	10.777.901,18	9.906.526,23	128.169,45	0,00	0,00	999.544,40
FLS	456.433,53	412.000,00	0,00	0,00	0,00	44.433,53
CTUR	3.700.000,00	3.700.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00
FGCS	534.236,60	535.866,85	0,00	0,00	0,00	-1.630,25
CONCELLO	311.482.671,20	310.189.221,27	-2.634.432,53	0,00	0,00	-1.340.982,60
IMCE	8.680.623,84	8.240.000,00	51.690,21	0,00	0,00	492.314,05
FEMLC	1.109.790,00	1.109.790,00	0,00	-150.000,00	0,00	-150.000,00
TOTAL	336.741.656,35	334.093.404,35	-2.454.572,87	-150.000,00	0,00	43.679,13

En consecuencia, o presente Plan Económico Financeiro tamén serve para avaliar que, aínda que o Orzamento inicialmente nace con inestabilidade, presúmese que ao 31 de decembro de 2025 se cumpra o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Estabilidade orzamentaria ano 2026

Ao 31 de decembro de 2026 prevese o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria. Esta estimación parte da información remitida pola Intervención xeral do Concello ao Ministerio de Facenda, referida os Plans Orzamentarios 2025-2028, onde para calcular o orzamento de 2026 actualízase coa taxa de referencia para 2026 de 3,3%.

ENTIDADE	INGRESO NON FINANCEIRO PREVISTO	GASTO NON FINANCIRO PREVISTO	AXUSTES PROPIA ENTIDADE	AXUSTES INEXECUCIÓN	AXUSTES OPERACIÓNS INTERNAS	CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO
CMUS	10.882.148,00	10.882.148,00	0,00		0,00	0,00
FLS	411.405,00	410.565,00	0,00		0,00	840,00
CTUR	3.940.000,00	3.939.999,00	0,00		0,00	1,00
FGCS	565.156,33	571.000,00	0,00		0,00	-5.843,67
CONCELLO	334.073.616,52	333.283.590,79	-1.034.624,54	14.069.175,93	0,00	13.824.577,12
IMCE	8.313.000,00	8.294.000,00	0,00		0,00	19.000,00
FEMLC	1.109.790,00	1.109.790,00	0,00		0,00	0,00
TOTAL	359.295.115,85	358.491.092,79	-1.034.624,54		0,00	13.838.574,45

1.2.- Previsións de regra de gasto

Regra de gasto ano 2025

Debe partirse de que, unha vez coñecido o gasto computable axustado que se realizou efectivamente en 2024 (284.624.375,93 euros para todo o Grupo, columna A), pode calcularse cal é o límite de gasto do grupo, e de cada unha das entidades, para o



Concello da Coruña

exercicio 2025 (Columna C), aplicando a taxa de variación do 3,2%, (Columna B). Tal e como se resume na seguinte táboa:

ENTIDADE	GASTO COMPUTABLE LIQUIDACIÓN 2024 (A)	TAXA DE REFERENCIA 2025 (3,2% A) (B)	LÍMITE DE GASTO PARA 2025 (A + B) (C)
CMUS	8.856.546,54	283.409,49	9.139.956,03
FLS	336.078,77	10.754,52	346.833,29
CTUR	4.176.093,93	133.635,01	4.309.728,94
FGCS	252.917,59	8.093,36	261.010,95
CONCELLO	260.885.015,86	8.348.320,51	269.233.336,37
IMCE	9.133.331,95	292.266,62	9.425.598,57
FEMLC	984.391,29	31.500,52	1.015.891,81
TOTAL	284.624.375,93	9.107.980,03	293.732.355,96

Para calcular o límite de gasto non financeiro para 2025, engádese o axuste por cambios normativos que supoñan un aumento de recadación, de acordo coa seguinte táboa:

ENTIDADE	GASTO COMPUTABLE LIQUIDACIÓN 2024 (A)	TAXA DE REFERENCIA 2025 (3,2% A) (B)	AXUSTE POR CAMBIOS NORMATIVOS QUE SUPOÑAN UN AUMENTO DE RECADACIÓN (B1)	LÍMITE DE GASTO PARA 2025 (A + B+B1) (C)
CMUS	8.856.546,54	283.409,49		9.139.956,03
FLS	336.078,77	10.754,52		346.833,29
CTUR	4.176.093,93	133.635,01		4.309.728,94
FGCS	252.917,59	8.093,36		261.010,95
CONCELLO	260.885.015,86	8.348.320,51	1.637.181,39	270.870.517,76
IMCE	9.133.331,95	292.266,62		9.425.598,57
FEMLC	984.391,29	31.500,52		1.015.891,81
TOTAL	284.624.375,93	9.107.980,03		295.369.537,35

Por outra banda, á hora de realizar as previsións o Grupo de consolidación do Concello da Coruña ten orzamento aprobado para o exercicio 2025, polo que parte dos datos do orzamento aprobado. Nesta situación, elabórase a previsión das obrigacións recoñecidas netas de gasto non financeiro ao 31 de decembro de 2025 cos datos de execución recentemente remitidos pola intervención xeral do Concello ao Ministerio de Facenda, referidos ao primeiro trimestre de 2025 (Columna D). Este gasto previsto axústase:

- Coa previsión de transferencias internas do Concello ás restantes entidades do grupo (Columna E)



Concello da Coruña

- Obrigacións recoñecidas netas de gasto non financeiro que se prevé que sexan financiadas con fondos finalistas procedentes de administracións públicas (Columna F).
- Conta 413 (Columna F1)
- Arrendamento financeiro (Columna F2)
- Alleamento de terreos e demais investimentos reais (Columna F3)

A previsión é que o gasto computable en 2025 (Columna G) non superará o teito de gasto antes calculado, o que se resume na seguinte táboa:

ENTIDADE	GASTO NON FINANCEIRO PREVISTO A 31/12/2025 (ESTIMACIÓN DE ORN INFO 1º TRIM 2025) (D)	PREVISIÓN DE AXUSTE POR TRANSFERENCIAS INTERNAS (ESTIMACIÓN DE ORN AO 31 DE DECEMBRO) (E)	PREVISIÓN DE AXUSTE POR FONDOS FINALISTAS PREVISTOS PARA 2025 (F)	PREVISION DE AXUSTE CONTA 413 (F1)	AXUSTE ARRENDAMENTO FINANCEIRO (F2)	AXUSTE ALLEAMENTO DE TERREOS E DEMAS INVESTIMENTOS REAIS (F3)	GASTO NON FINANCEIRO AXUSTADO PREVISTO A 31/12/2025 (D-E-F+F1-F2-F3) (G)
CMUS	9.906.526,23	0,00	1.500.000,00				8.406.526,23
FLS	412.000,00	0,00	28.000,00				384.000,00
CTUR	3.898.099,00	0,00	120.000,00				3.778.099,00
FGCS	535.866,85	0,00	161.890,57				373.976,28
CONCELLO	307.680.110,55	16.230.022,79	18.475.996,57	-4.052.949,87	2.195.921,04	1.029.503,78	265.695.716,50
IMCE	8.240.000,00	0,00	350.000,00	-51.690,21			7.838.309,79
FEMLC	1.109.790,00	0,00	30.000,00				1.079.790,00
TOTAL	331.782.392,63	16.230.022,79	20.665.887,14				287.556.417,80

Ademais, o Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais resultante da liquidación do Concello da Coruña de 2024 foi de 18.969.313,46 euros. E, de acordo co Informe da intervención xeral de estabilidade orzamentaria á liquidación de 2024, o superávit (capacidade de financiamento) do Grupo de consolidación ascendeu a 11.556.292,87 euros. De modo que o RLTGX que pode ser utilizado durante 2025 para financiar modificacións orzamentarias que podan derivar nun maior gasto non financeiro é de 7.413.020,59 euros (diferenza entre o RLTGX e o superávit). Este remanente utilizarase para financiar as obrigacións pendentes de pago ao 1 de xaneiro de 2025. O mesmo sucede co RLTGX xurdido nas liquidacións de 2024 no caso do CTUR, que poden usar sen estar limitados polo superávit, ao non ter en vigor operacións de endebedamento financeiro. Aínda contando coa utilización por todas as entidades da totalidade das súas RLTGX de modo que se chegasen a recoñecer obrigacións de gasto non financeiro pola totalidade deses importes, pode preverse que non se incumpiría o límite de gasto non financeiro global do Grupo de consolidación, como se reflicte na seguinte táboa:



ENTIDADE	INCREMENTO DE GASTO NON FINANCEIRO POR UTILIZACIÓN DE RLTGX 2024 (H)	GASTO NON FINANCEIRO COMPUTABLE PREVISTO LIQUIDACIÓN 2025 (INCLUÍNDO A UTILIZACIÓN DO RLTGX 2024) (G+H) (I)	DIFERENZA PREVISTA (+=CUMPRE -=NON CUMPRE) (C - I) (J)
CMUS	0,00	8.406.526,23	733.429,80
FLS	0,00	384.000,00	-37.166,71
CTUR	100.865,39	3.878.964,39	430.764,55
FGCS	0,00	373.976,28	-112.965,33
CONCELLO	7.413.020,59	273.108.737,09	-2.238.219,33
IMCE	0,00	7.838.309,79	1.587.288,78
FEMLC	0,00	1.079.790,00	-63.898,19
TOTAL	7.513.885,98	295.070.303,78	299.233,57

Regra de gasto ano 2026

Coa devandita previsión de execución de gasto non financeiro computable para o exercicio 2025 de 295.070.303,78 euros (Columna I), pode calcularse, aplicando a taxa de variación actualmente prevista para 2026, o límite de gasto non financeiro do Grupo de consolidación para o ano 2026, que ascendería a 304.807.623,81 euros (Columna L):

ENTIDADE	GASTO NON FINANCEIRO COMPUTABLE PREVISTO LIQUIDACIÓN 2025 (INCLUÍNDO A UTILIZACIÓN DO RLTGX 2024) (I)	TAXA DE REFERENCIA 2026 (3,3% I) (K)	LÍMITE DE GASTO PARA 2026 (I + K) (L)
CMUS	8.406.526,23	277.415,37	8.683.941,60
FLS	384.000,00	12.672,00	396.672,00
CTUR	3.878.964,39	128.005,82	4.006.970,21
FGCS	373.976,28	12.341,22	386.317,50
CONCELLO	273.108.737,09	9.012.588,32	282.121.325,42
IMCE	7.838.309,79	258.664,22	8.096.974,01
FEMLC	1.079.790,00	35.633,07	1.115.423,07
TOTAL	295.070.303,78	9.737.320,02	304.807.623,81

De acordo coas previsións tendenciais de obrigacións recoñecidas netas para 2026 resultantes tanto das previsións do Plan Orzamentario a medio prazo 2025-2028 como das modificacións orzamentarias que se estima poden chegar a tramitarse con cargo o Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais, e xunto coas porcentaxes medias de execución de gastos, prevese o cumprimento do límite de gasto en 2026:



ENTIDADE	LÍMITE DE GASTO PARA 2026	GASTO NON FINANCEIRO COMPUTABLE PREVISTO LIQUIDACIÓN 2026	DIFERENZA PREVISTA (+=CUMPRE -=NON CUMPRE)
CMUS	8.683.941,60	10.882.148,00	-2.198.206,40
FLS	396.672,00	410.565,00	-13.893,00
CTUR	4.006.970,21	3.939.999,00	66.971,21
FGCS	386.317,50	571.000,00	-184.682,50
CONCELLO	282.121.325,42	272.943.516,59	9.177.808,83
IMCE	8.096.974,01	8.294.000,00	-197.025,99
FEMLC	1.115.423,07	1.109.790,00	5.633,07
TOTAL	304.807.623,81	298.151.018,59	6.656.605,22

2. MEDIDAS: DESCRICIÓN, CUANTIFICACIÓN E CALENDARIO

Á vista de todo o exposto, debe concluírse que o Concello da Coruña debe presentar e aprobar un Plan Económico Financeiro de cumprimento formal, sen medidas.

O Orzamento para 2025 aprobado incorre en inestabilidade, pero as previsións de execución deste dan cumprimento ao obxectivo de estabilidade.

O obxectivo de regra de gasto tamén se cumpriría.

Así mesmo, o límite de gasto que derivaría para o exercicio 2026 daría cobertura a un orzamento elaborado nas marxes que veñen sendo habituais. Para máis neste sentido, sirva de exemplo que o Orzamento Xeral do Concello para 2025 aprobado, contiña como parte do Informe económico-financeiro do expediente, a análise de previsión de cumprimento da regra de gasto, na que se calculaba unha previsión de gasto non financeiro consolidado do grupo, axustado en función da execución media dos últimos exercicios, de 311.528.705,70€ . O que indica que un Orzamento para o ano 2026, que recolla os incrementos de gasto habituais, debe permitir cumprir co límite de gasto previsto para 2026.

Por tanto, non procede a adopción de medidas concretas, máis aló do control e vixilancia continuada, durante o período de vixencia do Plan, sobre a execución do orzamento, tanto do Concello como das entidades que forman parte do Grupo de consolidación, comprobando que se manteñan en concordancia coas previsións tidas en conta.

Este control deberá centrarse especialmente nas modificacións orzamentarias que se financien con remanente de tesourería para gastos xerais.

CONCLUSIÓN

Analizada a situación económica da Corporación derivada da liquidación do orzamento de 2024, sinalase que se incumple a regra de gasto, pero si se cumpre o



Concello da Coruña

principio de estabilidade orzamentaria e o aforro neto é positivo, tal e como se recolle no informe de estabilidade á liquidación do orzamento.

O incumprimento de regra de gasto deriva da utilización do remanente líquido de tesourería de 2023 para financiar modificacións en 2024, consecuencia da suspensión das regras fiscais.

O presente Plan Económico Financeiro tamén serve para avaliar que, aínda que o Orzamento inicialmente nace con inestabilidade, presúmese que ao 31 de decembro de 2025 se cumpra o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Por tanto, non procede a adopción de medidas concretas, máis aló do control e vixilancia continuada, durante o período de vixencia do Plan, sobre a execución do orzamento, tanto do Concello como das entidades que forman parte do Grupo de consolidación, comprobando que se manteñan en concordancia coas previsións tidas en conta.

En todo caso, se se observase unha desviación entre as previsións contidas neste Plan Económico Financeiro e a execución real, debería proceder a declararse a non dispoñibilidade de determinados créditos.

O órgano competente para a aprobación deste Plan Económico Financeiro é o Pleno da Corporación, de acordo co art. 23.4 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. Unha vez aprobado, deberá remitirse ao órgano con competencia de tutela financeira para súa aprobación definitiva, e posteriormente publicarse no BOP a efectos informativos e atoparse ao dispor das persoas interesadas durante a súa vixencia.

Por canto vai dito propónse ao Concello Pleno, a adopción do seguinte, ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o presente Plan Económico Financeiro e unha vez aprobado polo Pleno, envialo ao órgano de tutela financeira para a súa aprobación definitiva e posteriormente publicalo no BOP a efectos informativos, quedando a disposición das persoas interesadas durante a súa vixencia.

Segundo.- Facultar ao Concelleiro de Economía e Planificación Estratéxica, tan amplamente como en dereito proceda, para realizar cantos trámites sexan necesarios para executar e cumprir este acordo plenario.

A Coruña, na data da sinatura electrónica que consta no presente documento

Emilio Álvarez-Miranda Luzárraga

Director de Recursos Económicos e Dixitalización

Conforme,

José Manuel Lage Tuñas

Concelleiro responsable de Economía e Planificación Estratéxica



Concello da Coruña

1.1 - Estabilidad Presupuestaria							
Entidad		Ejercicio 2024					
Código	Denominación	Tipo contabilidad	Ingresos no financieros	Gastos no financieros	Ajustes propia entidad	Ajustes por operaciones internas	Capacidad/necesidad financiación
11-00-001-CC-000	C. Promoción de la Música	Empresarial	10.537.426,01 €	10.680.819,61 €	244.974,03 €	0,00 €	101.580,43 €
11-00-001-HH-000	F. Luis Seoane	Limitativa	415.164,79 €	364.071,27 €	0,00 €	0,00 €	51.093,52 €
11-00-005-CC-000	C. Turismo y Congresos	Empresarial	3.815.945,22 €	4.297.319,91 €	0,00 €	0,00 €	-481.374,69 €
11-00-011-NN-000	Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade	Limitativa	440.098,23 €	414.808,16 €	0,00 €	0,00 €	25.290,07 €
11-15-030-AA-000	Coruña (A)	Limitativa	334.993.177,37 €	313.679.278,37 €	-11.250.933,62 €	0,00 €	10.062.965,38 €
11-15-030-AV-001	Inst. M. Coruña Espectáculos (IMCE)	Limitativa	11.760.586,91 €	12.342.247,34 €	2.376.520,72 €	0,00 €	1.794.860,29 €
11-00-039-HH-000	F. EMALCSA	Limitativa	1.016.462,99 €	1.009.391,29 €	0,00 €	0,00 €	7.071,70 €
TOTAL			362.978.861,52 €	342.787.935,95 €	-8.629.438,87 €	0,00 €	11.561.486,70 €
Entidad		Ejercicio 2025: previsión tendencial					
Código	Denominación	Tipo contabilidad	Estimación Ingresos no financieros a liquidación	Estimación Gastos no financieros a liquidación	Ajustes SEC propia entidad	Ajustes por operaciones internas	Previsión de Capacidad/necesidad financiación tendencial
11-00-001-CC-000	C. Promoción de la Música	Empresarial	10.777.901,18 €	9.906.526,23 €	128.169,45 €	0,00 €	999.544,40 €
11-00-001-HH-000	F. Luis Seoane	Limitativa	456.433,53 €	412.000,00 €	0,00 €	0,00 €	44.433,53 €
11-00-005-CC-000	C. Turismo y Congresos	Empresarial	3.700.000,00 €	3.700.000,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
11-00-011-NN-000	Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade	Limitativa	534.236,60 €	535.866,85 €	0,00 €	0,00 €	-1.630,25 €
11-15-030-AA-000	Coruña (A)	Limitativa	311.482.671,20 €	310.189.221,27 €	-2.634.432,53 €	0,00 €	-1.340.982,60 €
11-15-030-AV-001	Inst. M. Coruña Espectáculos (IMCE)	Limitativa	8.680.623,84 €	8.240.000,00 €	51.690,21 €	0,00 €	492.314,05 €
11-00-039-HH-000	F. EMALCSA	Limitativa	1.109.790,00 €	1.109.790,00 €	0,00 €	-150.000,00 €	-150.000,00 €
TOTAL			336.741.656,35 €	334.093.404,35 €	-2.454.572,87 €	-150.000,00 €	43.679,13 €
Entidad		Ejercicio 2026: previsión tendencial					
Código	Denominación	Tipo contabilidad	Estimación Ingresos no financieros a liquidación	Estimación Gastos no financieros a liquidación	Ajustes SEC propia entidad	Ajustes por operaciones internas	Previsión de Capacidad/necesidad financiación tendencial
11-00-001-CC-000	C. Promoción de la Música	Empresarial	10.882.148,00 €	10.882.148,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
11-00-001-HH-000	F. Luis Seoane	Limitativa	411.405,00 €	410.565,00 €	0,00 €	0,00 €	840,00 €
11-00-005-CC-000	C. Turismo y Congresos	Empresarial	3.940.000,00 €	3.939.999,00 €	0,00 €	0,00 €	1,00 €
11-00-011-NN-000	Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade	Limitativa	565.156,33 €	571.000,00 €	0,00 €	0,00 €	-5.843,67 €
11-15-030-AA-000	Coruña (A)	Limitativa	334.073.616,52 €	333.283.590,79 €	13.034.551,39 €	0,00 €	13.824.577,12 €
11-15-030-AV-001	Inst. M. Coruña Espectáculos (IMCE)	Limitativa	8.313.000,00 €	8.294.000,00 €	0,00 €	0,00 €	19.000,00 €
11-00-039-HH-000	F. EMALCSA	Limitativa	1.109.790,00 €	1.109.790,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL			359.295.115,85 €	358.491.092,79 €	13.034.551,39 €	0,00 €	13.838.574,45 €



Concello da Coruña

1.2- Regla de Gasto							
Entidad		Ejercicio 2024					
Código	Denominación	Gasto computable liquidación 2023	Tasa referencia 2024	Aumentos y disminuciones (art.12.4)	Límite regla gasto 2024	Gasto computable liquidación 2024	Cumplimiento/incumplimiento regla gasto
11-00-001-CC-000	C. Promoción de la Música	8.671.133,14 €	8.896.582,60 €	0,00 €	8.896.582,60 €	8.856.546,54 €	40.036,06 €
11-00-001-HH-000	F. Luis Seoane	395.780,18 €	406.070,46 €	0,00 €	406.070,46 €	336.078,77 €	69.991,69 €
11-00-005-CC-000	C. Turismo y Congresos	4.176.126,83 €	4.284.706,13 €	0,00 €	4.284.706,13 €	4.176.093,93 €	108.612,20 €
11-00-011-NN-000	Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade	288.268,28 €	295.763,26 €	0,00 €	295.763,26 €	252.917,59 €	42.845,67 €
11-15-030-AA-000	Coruña (A)	242.352.990,89 €	248.654.168,65 €	5.341.663,17 €	253.995.831,82 €	260.885.015,86 €	-6.889.184,04 €
11-15-030-AV-001	Inst. M. Coruña Espectáculos (IMCE)	13.229.198,09 €	13.573.157,24 €	0,00 €	13.573.157,24 €	9.133.331,95 €	4.439.825,29 €
11-00-039-HH-000	F. EMALCSA	1.018.352,60 €	1.044.829,77 €	0,00 €	1.044.829,77 €	984.391,29 €	60.438,48 €
TOTAL		270.131.850,01 €	277.155.278,11 €	5.341.663,17 €	282.496.941,28 €	284.624.375,93 €	-2.127.434,65 €
Entidad		Ejercicio 2025 previsión tendencial					
Código	Denominación	Base para límite de regla de gasto 2025	Tasa referencia 2025	Aumentos y disminuciones (art.12.4)	Límite regla gasto 2025 tendencial	Estimación de Gasto computable tendencial liquidación 2025	Cumplimiento/incumplimiento regla gasto tendencial
11-00-001-CC-000	C. Promoción de la Música	8.856.546,54 €	9.139.956,02 €	0,00 €	9.139.956,02 €	8.406.526,23 €	733.429,79 €
11-00-001-HH-000	F. Luis Seoane	336.078,77 €	346.833,29 €	0,00 €	346.833,29 €	384.000,00 €	-37.166,71 €
11-00-005-CC-000	C. Turismo y Congresos	4.176.093,93 €	4.309.728,93 €	0,00 €	4.309.728,93 €	3.878.964,39 €	430.764,54 €
11-00-011-NN-000	Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade	252.917,59 €	261.010,95 €	0,00 €	261.010,95 €	373.976,28 €	-112.965,33 €
11-15-030-AA-000	Coruña (A)	260.885.015,86 €	269.233.336,36 €	1.637.181,39 €	270.870.517,75 €	273.108.737,09 €	-2.238.219,34 €
11-15-030-AV-001	Inst. M. Coruña Espectáculos (IMCE)	9.133.331,95 €	9.425.598,57 €	0,00 €	9.425.598,57 €	7.838.309,79 €	1.587.288,78 €
11-00-039-HH-000	F. EMALCSA	984.391,29 €	1.015.891,81 €	0,00 €	1.015.891,81 €	1.079.790,00 €	-63.898,19 €
TOTAL		284.624.375,93 €	293.732.355,93 €	1.637.181,39 €	295.369.537,32 €	295.070.303,78 €	299.233,54 €
Entidad		Ejercicio 2026 previsión tendencial					
Código	Denominación	Base para límite de regla de gasto 2026	Tasa referencia 2026	Aumentos y disminuciones (art.12.4)	Límite regla gasto 2026 tendencial	Estimación de Gasto computable tendencial liquidación 2026	Cumplimiento/incumplimiento regla gasto tendencial
11-00-001-CC-000	C. Promoción de la Música	8.406.526,23 €	8.683.941,60 €	0,00 €	8.683.941,60 €	10.882.148,00 €	-2.198.206,40 €
11-00-001-HH-000	F. Luis Seoane	384.000,00 €	396.672,00 €	0,00 €	396.672,00 €	410.565,00 €	-13.893,00 €
11-00-005-CC-000	C. Turismo y Congresos	3.878.964,39 €	4.006.970,21 €	0,00 €	4.006.970,21 €	3.939.999,00 €	66.971,21 €
11-00-011-NN-000	Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade	373.976,28 €	386.317,50 €	0,00 €	386.317,50 €	571.000,00 €	-184.682,50 €
11-15-030-AA-000	Coruña (A)	273.108.737,09 €	282.121.325,42 €	0,00 €	282.121.325,42 €	272.943.516,59 €	9.177.808,83 €
11-15-030-AV-001	Inst. M. Coruña Espectáculos (IMCE)	7.838.309,79 €	8.096.974,01 €	0,00 €	8.096.974,01 €	8.294.000,00 €	-197.025,99 €
11-00-039-HH-000	F. EMALCSA	1.079.790,00 €	1.115.423,07 €	0,00 €	1.115.423,07 €	1.109.790,00 €	5.633,07 €
TOTAL		295.070.303,78 €	304.807.623,81 €	0,00 €	304.807.623,81 €	298.151.018,59 €	6.656.605,22 €



Concello da Coruña

3.1- Estabilidad Presupuestaria				
Entidad		Ejercicio 2025		
Código	Denominación	Capacidad/necesidad financiación tendencial	Efecto medidas del PEF	Capacidad/necesidad financiación PEF
11-00-001-CC-000	C. Promoción de la Música	999.544,40 €	0,00 €	999.544,40 €
11-00-001-HH-000	F. Luis Seoane	44.433,53 €	0,00 €	44.433,53 €
11-00-005-CC-000	C. Turismo y Congresos	0,00 €	0,00 €	0,00 €
11-00-011-NN-000	Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade	-1.630,25 €	0,00 €	-1.630,25 €
11-15-030-AA-000	Coruña (A)	-1.340.982,60 €	0,00 €	-1.340.982,60 €
11-15-030-AV-001	Inst. M. Coruña Espectáculos (IMCE)	492.314,05 €	0,00 €	492.314,05 €
11-00-039-HH-000	F. EMALCSA	-150.000,00 €	0,00 €	-150.000,00 €
TOTAL: Objetivo del PEF:		43.679,13 €	0,00 €	43.679,13 €
Entidad		Ejercicio 2026		
Código	Denominación	Capacidad/necesidad financiación tendencial	Efecto medidas del PEF	Capacidad/necesidad financiación PEF
11-00-001-CC-000	C. Promoción de la Música	0,00 €	0,00 €	0,00 €
11-00-001-HH-000	F. Luis Seoane	840,00 €	0,00 €	840,00 €
11-00-005-CC-000	C. Turismo y Congresos	1,00 €	0,00 €	1,00 €
11-00-011-NN-000	Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade	-5.843,67 €	0,00 €	-5.843,67 €
11-15-030-AA-000	Coruña (A)	13.824.577,12 €	0,00 €	13.824.577,12 €
11-15-030-AV-001	Inst. M. Coruña Espectáculos (IMCE)	19.000,00 €	0,00 €	19.000,00 €
11-00-039-HH-000	F. EMALCSA	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL: Objetivo del PEF:		13.838.574,45 €	0,00 €	13.838.574,45 €



Concello da Coruña

3.2- Regla de Gasto				
Entidad		Ejercicio 2025		
Código	Denominación	Estimación de Gasto computable a liquidación aplicadas las medidas del PEF	Límite de la regla de gasto del PEF	Cumplimiento /incumplimiento regla gasto PEF
11-15-030-AA-000	Coruña (A)	273.108.737,09 €	270.870.517,75 €	-2.238.219,34 €
11-00-001-CC-000	C. Promoción de la Música	8.406.526,23 €	9.139.956,02 €	733.429,79 €
11-00-005-CC-000	C. Turismo y Congresos	3.878.964,39 €	4.309.728,93 €	430.764,54 €
11-00-039-HH-000	F. EMALCSA	1.079.790,00 €	1.015.891,81 €	-63.898,19 €
11-00-001-HH-000	F. Luis Seoane	384.000,00 €	346.833,29 €	-37.166,71 €
11-00-011-NN-000	Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade	373.976,28 €	261.010,95 €	-112.965,33 €
11-15-030-AV-001	Inst. M. Coruña Espectáculos (IMCE)	7.838.309,79 €	9.425.598,57 €	1.587.288,78 €
TOTAL: Objetivo del PEF:		295.070.303,78 €	295.369.537,32 €	299.233,54 €
Entidad		Ejercicio 2026		
Código	Denominación	Estimación de Gasto computable a liquidación aplicadas las medidas del PEF	Límite de la regla de gasto del PEF	Cumplimiento /incumplimiento regla gasto PEF
11-15-030-AA-000	Coruña (A)	272.943.516,59 €	282.121.325,42 €	9.177.808,83 €
11-00-001-CC-000	C. Promoción de la Música	10.882.148,00 €	8.683.941,60 €	-2.198.206,40 €
11-00-005-CC-000	C. Turismo y Congresos	3.939.999,00 €	4.006.970,21 €	66.971,21 €
11-00-039-HH-000	F. EMALCSA	1.109.790,00 €	1.115.423,07 €	5.633,07 €
11-00-001-HH-000	F. Luis Seoane	410.565,00 €	396.672,00 €	-13.893,00 €
11-00-011-NN-000	Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade	571.000,00 €	386.317,50 €	-184.682,50 €
11-15-030-AV-001	Inst. M. Coruña Espectáculos (IMCE)	8.294.000,00 €	8.096.974,01 €	-197.025,99 €
TOTAL: Objetivo del PEF:		298.151.018,59 €	304.807.623,81 €	6.656.605,22 €